



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	ANATOMÍA II	Código	651G01002	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	Fuentes Boquete, Isaac Manuel	Correo electrónico	i.fuentes@udc.es	
Profesorado	Díaz Prado, Silvia María Fernandez Fernandez, Esther Del Carmen Fuentes Boquete, Isaac Manuel Toro Santos, Francisco Javier de	Correo electrónico	s.diaz1@udc.es esther.fernandez1@udc.es i.fuentes@udc.es javier.toro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da anatomía dos membros superiores e inferiores, do sistema cardiorespiratorio e da esplanoloxía.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Dominar a terminoloxía anatómica, de modo que o alumnado coñeza a nomenclatura actualizada das estruturas anatómicas e adquira a capacidade de descrición destas estruturas empregando termos de orientación espacial.	A1 A17 A19	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C8 C9
Desenvolver a capacidade de observación.	A1 A17 A19	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C8 C9
Coñecer a morfoloxía xeral do corpo humano, a localización, a forma e a estrutura dos seus órganos, sistemas e aparatos, así como as súas interrelacións.	A1 A17 A19	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C8 C9
Coñecer a morfoloxía, a localización e as interrelacións das estruturas anatómicas que constitúen, en particular, o aparato locomotor de membro superior e membro inferior, o sistema cardiocirculatorio e o aparato respiratorio.	A1 A17 A19	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C8 C9
Identificar a forma e as relacións das diferentes estruturas anatómicas mediante o uso de esquemas, debuxos, fotografías, e modelos tridimensionais (maquetas).	A1 A17 A19	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C8 C9



Comprender a función dos órganos e sistemas a través da posición, forma e estrutura básica.	A1 A17 A19	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C8 C9
Utilizar os coñecementos anatómicos no plantexamento e análise de problemas clínicos pertinentes.	A1 A17 A19	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C8 C9
Alcanzar o nivel suficiente de coñecementos anatómicos para comprender outras áreas da titulación relacionadas e realizar cursos de especialización en diversos campos da Fisioterapia.	A1 A17 A19	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C8 C9

Contidos	
Temas	Subtemas
IV. Membro superior.	<p>CONTIDOS:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>Ósos do membro superior. Cintura escapular, úmero, radio e cúbito, ósos do carpo, ósos do metacarpo e dos dedos.</li><li>Articulacións do membro superior. Complexo articular do ombro. Articulacións do cúbado e radiocubital distal. Complexo articular do pulso. Articulacións da man.</li><li>Musculatura do membro superior. Musculatura do ombro. Musculatura do brazo. Musculatura do antebrazo. Musculatura da man.</li><li>Vascularización do membro superior.</li><li>Inervación do membro superior.</li></ol> <p>ACTIVIDADES PRÁCTICAS:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>Estudar o esqueleto do membro superior nos ósos e nas maquetas do laboratorio de Anatomía Humana.</li><li>Estudar as articulacións do membro superior nas maquetas do laboratorio de Anatomía Humana.</li><li>Identificar músculos do membro superior nas maquetas do laboratorio de Anatomía Humana.</li><li>Identificar mediante palpación estruturas anatómicas do membro superior.</li><li>Valorar a acción de músculos do membro superior.</li></ol>



<p>V. Membro inferior.</p>	<p>CONTIDOS:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Ósos do membro inferior. Cintura pelviana, fémur, tibia e peroné, ósos do tarso, ósos do metatarso e dos dedos.</li><li>2. Articulacións do membro inferior. Articulación sacroilíaca. Sínfise púbica. Articulación coxofemoral. Articulación do xeonllo. Articulación do nocello e articulacións tibioperoneas proximal e distal. Articulacións do pé.</li><li>3. Musculatura do membro inferior. Musculatura da rexión glútea. Musculatura do muslo. Musculatura da perna. Musculatura do pé.</li><li>4. Vascularización do membro inferior.</li><li>5. Inervación do membro inferior.</li></ol> <p>ACTIVIDADES PRÁCTICAS:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Estudar o esqueleto do membro inferior nos ósos e nas maquetas do laboratorio de Anatomía Humana.</li><li>2. Estudar as articulacións do membro inferior nas maquetas do laboratorio de Anatomía Humana.</li><li>3. Identificar músculos do membro inferior nas maquetas do laboratorio de Anatomía Humana.</li><li>4. Identificar mediante palpación estruturas anatómicas do membro inferior.</li><li>5. Valorar a acción de músculos do membro inferior.</li></ol>
<p>VI. Sistema cardiocirculatorio.</p>	<p>CONTIDOS:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Corazón. Morfoloxía externa. Relacións. Vasos e nervios do corazón.</li><li>2. Corazón. Morfoloxía interna. Cavidades cardíacas.</li><li>3. Circulación maior ou sistémica e circulación menor ou pulmonar</li><li>4. Sistema linfático.</li></ol> <p>ACTIVIDADES PRÁCTICAS:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Estudar nas maquetas a morfoloxía do corazón.</li><li>2. Estudar nas maquetas os principais vasos sanguíneos.</li></ol>
<p>VII. Estesioloxía.</p>	<p>CONTIDOS:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Sentido da visión. Anatomía do globo ocular e os seus anexos.</li><li>2. Sentido da audición. Anatomía do oído externo, oído medio e oído interno.</li><li>3. Sentidos do olfato, gusto y tacto.</li></ol> <p>ACTIVIDADES PRÁCTICAS:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Identificar nas maquetas as estruturas anatómicas do globo ocular.</li><li>2. Identificar nas maquetas os elementos anatómicos do oído externo, medio e interno.</li></ol>



VIII. Esplacnoloxía.	<p><b>CONTIDOS:</b></p> <p>1. Sistema Dixestivo. Cavidade oral e glándulas salivales. Farinxe e esófago. Estómago. Páncreas. Bazo. Fígado y vías biliares. Intestino delgado, intestino grueso, sigma, recto e ano. Peritoneo.</p> <p>2.- Aparato Respiratorio. Cavidade nasal. Larinxe, tráquea e árbol bronquial. Pulmons, pleura e mediastino. Mecánica respiratoria.</p> <p>3. Aparato Xénito-Urinario. Aparato urinario: ril, uréter, vexiga urinaria. Uretra. Glándula suprarrenal. Aparato xenital masculino e feminino: órganos xenitales internos y externos.</p> <p><b>ACTIVIDADES PRÁCTICAS:</b></p> <p>1. Identificar nas maquetas os componentes do aparato dixestivo.</p> <p>2. Identificar nas maquetas os componentes do aparato respiratorio.</p>
----------------------	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A17 A19 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C8 C9	26	39	65
Prácticas de laboratorio	A1 A17 A19 B1 B4 B5 C1 C8 C9	20	30	50
Proba de resposta múltiple	A1	0	2	2
Proba obxectiva	A1	2	30	32
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Clase que desenvolve os contidos teóricos dunha unidade temática. É unha clase participativa, favorecendo o intercambio de opinións e o debate.
Prácticas de laboratorio	<p>Clases que desenvolven a un tempo contidos teóricos e prácticos dunha unidade temática. Ademais dos recursos da sesión maxistral (encerado, vídeo-proxección, etc.), empréganse como apoio á docencia as maquetas e os ósos da osteoteca do laboratorio de Anatomía Humana.</p> <p>A docencia impártese a grupos reducidos, de modo que favorece a participación do alumnado mediante o intercambio de opinións, o debate e a resolución de problemas, permitindo así a atención personalizada.</p> <p>Avaliación continua: valorarase a actitude, o interese pola aprendizaxe e a capacidade para solucionar problemas formulados polo profesorado.</p>
Proba de resposta múltiple	Exame tipo test sobre unha unidade temática. O alumnado pode/debe realizalo para comprobar o nivel de comprensión e coñecemento da parte da materia examinada.



Proba obxectiva	<p>Consiste nunha PROBA ESCRITA, constituída por dúas partes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Preguntas curtas, que requiren unha resposta breve, en xeral dunha extensión máxima de media páxina.</li> <li>- Exame tipo test, no que cada pregunta conta con catro opcións da que só una é verdadeira. Non se puntúa negativo por resposta incorrecta, mais descártase para o aprobado o 25% das repostas correctas.</li> </ul> <p>No caso do alumnado que conte cunha adaptación curricular concedida pola Unidade de Atención á Diversidade (ADI) da UDC na que se recolla a dificultade para a realización de exames escritos, realizarase no seu lugar unha PROBA ORAL, que consistirá en preguntas de resposta breve.</p>
-----------------	--

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	<p>A atención personalizada serve para o seguimento da aprendizaxe de cada alumno por parte do profesor.</p> <p>A través da tutoría, presencial ou a distancia, o profesorado aborda a resolución de dúbidas, a orientación ao estudo, así como o seguimento e a supervisión de traballos.</p> <p>As prácticas de laboratorio (nas que se desenvolven contidos teóricos co apoio de maquetas e ósos da osteoteca e, ademais, de palpación de estruturas e valoración muscular), ao realizarse con grupos reducidos, tamén facilita a aclaración de dúbidas de forma máis individual.</p> <p>A atención personalizada online farase a través dos medios institucionais da UDC de atención a distancia. En particular, empregárase: correo electrónico, MOODLE e Teams.</p> <p>As titorías serán a demanda, previa solicitude por correo electrónico e, preferiblemente, en horario oficial de titorías.</p>

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A1 A17 A19 B1 B4 B5 C1 C8 C9	Avaliación continua. Valorarase a actitude, a participación, o interese pola aprendizaxe e a capacidade para solucionar problemas plantexados polo profesorado.	10
Proba obxectiva	A1	Proba escrita (ou proba oral, no caso de que o/a estudante conte cunha adaptación curricular concedida pola Unidade de Atención á Diversidade da UDC na que se recolla a dificultade para a realización de exames escritos).	80
Proba de resposta múltiple	A1	Avaliación continua. Exames tipo test ou de preguntas curtas sobre unha unidade temática para determinar o nivel de comprensión e coñecemento da parte da materia examinada.	10

## Observacións avaliación



Os créditos da materia Anatomía Humana II, de 6 ECTS, distribúense en tres partes:

Sistema cardiocirculatorio,

estesioloxía e esplacnoloxía: 2 ECTS.Membro superior: 2 ECTS.Membro inferior: 2 ECTS. Na nota final da proba obxectiva, cada parte contribuirá como segue:

Sistema cardiocirculatorio,

estesioloxía e esplacnoloxía: 34,0% (3,4

sobre 10; aprobado: 1,7).Membro superior: 33,0% (3,3 sobre 10; aprobado: 1,65).Membro inferior: 33,0% (3,3 sobre 10; aprobado: 1,65).Para aprobar a proba obxectiva

será preciso:

Que a suma da nota obtida en cada

parte sexa igual ou superior a 5.0 sobre 10.Que en cada parte se obteña polo menos

un 3,5 sobre 10.Se nunha das partes non se alcanza a

cualificación mínima para aprobar a proba obxectiva, o/a alumno/a non superará a materia.

### Fontes de información

#### Bibliografía básica

- THIBODEAU-PATTON. (2008). &quot;Estructura y Funcion del Cuerpo Humano&quot;. Barcelona. Ed. Elsevier
- GRAY. (2015). Anatomía para Estudiantes. Barcelona Ed. Elsevier.
- SOBOTTA. (2018). Texto de Anatomía. Barcelona Ed. Elsevier.
- SOBOTTA. (2012). Atlas de Anatomía Humana. Barcelona. Ed. Elsevier.
- PROMETHEUS (2014). Texto y Atlas de Anatomía. Anatomía General y Aparato Locomotor&quot;. Vol.1.. Ed. Panamericana
- PROMETHEUS (2014). Texto y Atlas de Anatomía. Organos Internos&quot;. Ed. Panamericana
- PROMETHEUS (2014). Texto y Atlas de Anatomía. Cabeza, Cuello y Neuroanatomía&quot;. Vol 3. Ed. Panamericana
- F. NETTER. (2015). Atlas de Anatomía Humana. Barcelona. Ed. Elsevier

#### Bibliografía complementaria

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos do Plan Green Campus da Facultade de Fisioterapia, os traballos documentais que se realicen nesta materia poderanse solicitar tanto en formato papel como virtual ou soporte informático. De realizarse en papel, seguiranse na medida do posible as seguintes recomendacións xerais:- Non se utilizarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a realización de borradores.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías